Viaxe do Rey Alfonso XIII a San Sadurniño segundo a revista ***Pumariño***. San Sadurniño. Xaneiro 1977.

# O Rei en S. Sadurniño

San Sadurniño (Ferrol)
Mes de seitura, dia catro
Siñor don Ricardo R.
Habana

Amigo Ricardo:
Collo hoxe pruma e papel
i estas letriñas che mando
pra che dar conta
das cousas
que niste pobo pasaron
dende a derradeira carta
que che escribin. Pois, é o caso
que (xa o sabrás) iste pobo
foi polo rei visitado,
e tivo un recebimento
que aquelo, chacho, era un pasmo
Arcos de triunfo, bandeiras,
foguetes de tres estalos,
i, a mais un xentío inmenso
de todas partes chegado
que por velo rei de perto
toleaba de entusiasmo
E tamén de Rebollar,
a música nos mandaron
con clarinete, trombón,
bombo, cornetín, e un baixo;
e tocaban ¡purrestas!
que no nos partía un raio
Alí era de velo crego
tendo na man o incensari[o]
i era de velo Marqués
(ise cacique do diaño
que ten de toda a comarca
os pobos escravizados):
non collía na pelica
de argulloso e de finchado!
Pro... o que causou un asom[bro]
foi o alcalde de Bardaos
que se puxo de etiqueta
por vir velo rei (noso amo):
parescía un señorito,
fora a ialma, non te engan[o]
Trapuia longa levita
pantelón de pano pardo
branca e prancheda camisa,
faixa de duas coartas de anch[o]
chistera de sete pisos,
(do ano corenta e catro),
chalina negra, bastón
con puño de ouro (alquilado;